

Libro de ingresos.

<i>Data</i>	<i>Núm. Operación</i>	<i>Concepto</i>	<i>Importe</i>	<i>Ingreso</i>
-------------	-----------------------	-----------------	----------------	----------------

Libro de caixa: anotaranse as entradas e saídas consignando as primeiras no Debe e as segundas no Haber, determinándose a existencia en cada momento, coa seguinte descrición:

Libro de caixa.

<i>Núm. Operac.</i>	<i>Núm. Operac.</i>	<i>Concepto</i>	<i>Debe</i>	<i>Haber</i>	<i>SALDO</i>
<i>Ingreso</i>	<i>Gasto</i>	<i>(Ingresos)</i>	<i>(Pagos)</i>		

Admítese como xustificación dos gastos na Contabilidade municipal, a declaración responsable de cada portavoz, de aplicación dos fondos recibidos ás finalidades contempladas na normativa en vigor; esta declaración deberá emitirse o primeiro bimestre do exercicio seguinte á da xustificación dos gastos. Todo isto, sen prexuízo das obrigas formais sinaladas anteriormente de obrigado cumprimento e que estarán a disposición do Pleno, ou dos órganos de control interno ou externo segundo a normativa vixente en cada momento. Non poderán destinarse, segundo a normativa vixente, ó pagamento de remuneracións de persoal de calquera tipo o servizo da Corporación ou a adquisición de bens que puideran constituir activos fixos de carácter patrimonial.

k) Indemnizacións a membros da Corporación e persoal do Concello

1.- Por asistencias a sesións, percibirán todos os membros electivos da Corporación que non teñan dedicación exclusiva ou parcial as seguintes indemnizacións:

- a) Por concorrencia a sesións do Concello Pleno, a asistencia de 100 euros, sen que poida adquirirse o dereito a percibir máis dunha asistencia por día.*
- b) Por concorrencia a sesións da Xunta de Goberno Local, a asistencia de 60 euros, coa mesma limitación do parágrafo anterior.*
- c) Por concorrencia as sesións das Comisións de Pleno, a asistencia de 100 euros, sen que poida adquirirse o dereito a percibir máis dunha asistencia por día.*

As asistencias liquidaranse e satisfaranse mensualmente con carácter xeral. No suposto de que a consignación orzamentaria resultara insuficiente, pode recoñecerse o crédito correspondente no seguinte exercicio.

A Alcadesa/o Alcalde ou, de ser o caso, o/a Tenente/a de Alcalde Delegado da Área correspondente aprobará mensualmente a nómina de percepcións dos membros corporativos..

Todas as percepcións reguladas na presente base surtirán efecto desde a adopción do acordo plenario, sen prexuízo das consideracións derivadas da tramitación procedimental desta base."

O acordo exponse ao público na Intervención Xeral Municipal, por un prazo de quince días hábiles, computando dito prazo a partir do día seguinte á inserción do presente edicto no B.O.P., todo elo, a efectos de reclamacións, que se presentarán ante o Pleno municipal.

Lugo, 4 de agosto de 2015. A ILMA. TENENTE DE ALCALDE DELEGADA DA ÁREA DE ECONOMÍA, EMPREGO E DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO (Decreto 15005366 do 06/07/2015). Asdo.: Ana Prieto Nieto

R. 3208

Anuncio

Por acordo da Xunta de Goberno Local, do 12 de agosto do 2015, polo que se aprobou a forma de adjudicación por procedemento aberto para a contratación das obras de REHABILITACION DA PRAZA DE ABASTOS DE LUGO. ACTUACION INCLUIDA NO PROXECTO URBAN (INICIATIVA URBANA) SUSCEPTIBLE DE RECIBIR O 80% DE COFINANCIACION DA UNIÓN EUROPEA A TRAVERSO DO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL (PO FEDER GALICIA 2007-2013). Proxecto 14UR4003 REMODELACION PRAZA ABASTOS. Exp. 27/2015

Por medio deste anuncio dáse a coñece-la licitación conforme as seguintes características:

1.- Entidade adjudicadora.

a) Organismo: Excmo. Concello de Lugo.

b) Dependencia que tramita o expediente: Servizo de Contratación e Patrimonio.

2.- Obxecto do contrato.

a) Descrición do obxecto: a REHABILITACION DA PRAZA DE ABASTOS DE LUGO. ACTUACION INCLUIDA NO PROXECTO URBAN (INICIATIVA URBANA) SUSCEPTIBLE DE RECIBIR O 80% DE COFINANCIACION DA

UNIÓN EUROPEA A TRAVERSO DO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL (PO FEDER GALICIA 2007-2013). Proxecto 14UR4003 REMODELACION PRAZA ABASTOS

b) Prazo de execución: 6,7 meses.

3.- Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.

a) Tramitación: ordinario

b) Procedemento: aberto

4.- Tipo de licitación

a) Orzamento máximo do Contrato: O presuposto do contrato é de 1.600.000,00 euros, IVE INCLuíDO. Non obstante o prezo do contrato será o ofertado polos licitadores nas súas proposicións.

5.- Garantías:

b) Definitiva: 5% do importe de adxudicación, excluído o IVE,

6. Obtención de documentación e información.

a) Entidade: Concello de Lugo, Servizo de Contratación e Patrimonio.

b) Domicilio: Ronda da Muralla, 197.

c) Localidade e c.p.: Lugo, 27002

d) Teléfonos: (982) 29-72-56, 29-73-01.

e) Telefax: (982) 29-72-59.

f) Dirección internet: www.lugo.es (Zona de servizos: perfil do contratante)

g) Data límite de obtención de documentos e información: Ata o remate do prazo de presentación de proposicións.

7.- Requisitos específicos do contratista.

a) Outros requisitos: Os sinalados no prego de condicións

8.- Obrigas contractuais esenciais. Condicións esenciais de execución:

Este contrato ten condición esencial de execución prevista na cláusula decimo sexta do prego de cláusulas administrativas (art. 227 TRLCSP)

Este contrato prevé obriga contractual esencial prevista na cláusula decimo novena do prego de cláusulas administrativas.

9.- Presentación de ofertas ou das solicitudes de participación.

a) Data límite de presentación: 26 días naturais contados a partires da data de publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. No caso de que o último día coincidise en sábado ou festivo, prorrogarase ata o seguinte día hábil.

b) Documentación que hai que presentar: A que figura na cláusula decima do prego de condicións.

c) Lugar de presentación:

1ª Entidade: Concello de Lugo, Oficina de Rexistro ou ben nos lugares establecidos no prego de condicións.

2ª Domicilio: Ronda da Muralla, 197

3ª Localidade e c.p.: Lugo, 27002

d) Prazo durante o cal o licitador estará obrigado a mante-la súa oferta (concurso): 3 meses.

10.- Apertura das ofertas.

a) Entidade: Concello de Lugo

b) Domicilio: Ronda da Muralla, 197 (3ª Planta)

c) Localidade: Lugo

d) Data: ó segundo día natural ó remate do prazo de presentación de proposicións. Se dito día coincidise en sábado ou festivo a apertura realizarase ó seguinte día hábil. O devandito prazo ampliarase, no caso de ser necesario, ata o undécimo día, no suposto de recibirse regulamentariamente o aviso de presentación das proposicións por correo.

11.- Outras informacións: As que se recollen no prego de condicións.

12.- Gastos dos anuncios: 74,75 euros que serán por conta do adxudicatario.